

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2007 COMUNICADO

Os prezos dos bens de exportación incrementáronse e os de importación diminuíron en xullo de 2007.

Os prezos dos bens de exportación creceron un 12,7% en xullo de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 12,7% en xullo de 2007 con respecto a xullo de 2006. Con respecto ao mes anterior os prezos dos bens de exportación creceron un 2,6%. Se a serie a corriximos de estacionalidade este crecemento foi do 1,1%.

Segundo o destino económico dos bens exportados, os que presentan unha maior elevación no crecemento dos prezos en xullo de 2007 son os bens de equipo (14,5%), seguidos polo crecemento do 13,4% dos bens de consumo e por último os prezos dos bens intermedios que experimentaron un crecemento interanual do 10,4%.

Os prezos de importación decreceron un 4,6% en xullo de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia decreceron un 4,6% en xullo de 2007 con respecto a xullo de 2006 e un 4,8% con respecto ao mes de xuño de 2007. Se a serie a corriximos de estacionalidade, o índice de importacións decreceu un 2,9% con respecto ao mes anterior.


Segundo o destino económico dos bens importados, destaca o forte decrecemento dos prezos dos bens de equipo, un 27,2%. Os prezos dos bens intermedios experimentan un decrecemento máis moderado (4,4%). Pola contra, os prezos dos bens de consumo creceron un 0,9% en xullo de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Índices de valor unitario. Xullo 2007.
Datos provisionais

	Índice	% variación sobre mes anterior	% variación sobre igual período ano anterior	
			Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	112,4	2,6%	12,7%	8,3%
Importacións/introduccións	100,6	-4,8%	-4,6%	-0,6%
Datos corrixidos de estacionalidade				
Exportacións/expedicións	112,1	1,1%	12,7%	8,3%
Importacións/introduccións	101,7	-2,9%	-4,6%	-0,6%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es